

FIADDEIRO

SEGUNDA ÉPOCA: Nº 14



R
a
m
ó
n

P
i
ñ
e
i
r
o

L
ó
p
e
z

LETRAS GALEGAS 2009
C.E.I.P. MONTEMOCOS
BELUSO

ÍNDICE

LIBRO VIAXEIRO

TRABALLOS DE INFANTIL.

TRABALLOS DO PRIMEIRO CICLO.

PRIMEIRO CURSO.

SEGUNDO CURSO.

TRABALLOS DO SEGUNDO CICLO.

TERCEIRO CURSO.

CUARTO CURSO.

TRABALLOS DO TERCEIRO CICLO.


QUINTO CURSO.

SEXTO CURSO.

TRABALLOS DE MÚSICA.



1- UN DÍA DE PRIMAVERA, PEDRO SAÍU O CAMPO.



2- ESTABAN SEUS AMIGOS: O PATO, O PAXARO E O GATO.



3- O AVÓ DIXOLLE: COIDADOI, MIRA QUE VEN O LOBO...



4- O LOBO APARECEU E ZAMPOU AO POBRE PATO.



5- PEDRO, MOI VALENTE, ATRAPOU AO LOBO CUNHA CORDA.



6- AO CHEGAR OS CAZADORES, PEDRO XA IZA DE ATRAPAR O LOBO



7- TODOS, EN PROCESIÓN, LEVARON AO LOBO HACIA O ZOO.

NESTE NÚMERO DO FIADDEIRO QUEREMOS COMPARTIR CON VÓS ALGUNHAS DAS COUSAS QUE SABEMOS SOBRE: **CIRCO** XA QUE FOI O TEMA ELEXIDO NESTE ANTROIDO

PRESENTADOR



o presentador
ten moito calor



E unha persoa que
presenta ós artistas que
traballan no circo.

PAIASOS

o paiaso resolve un grave
case



É unha persoa
que fai rir á xente
facendo parvadas
e pallasadas.

TRAPECISTA






o trapecista baixa a pista



Poden ser chicos e chicas e cólganse do trapezio polas pernas e polas mans sen caerse.

ELEFANTES e LEÓNS

os leóns son moi mandalóns



os elefantes son xigantes

FORZUDOS



Os forzudos - quedaron mudos



É unha persoa que ten moita forza e levanta as pesas de ferro que pesan moito.

MALABARISTAS



O malabarista tem moita vista



É unha que fai xogos malabares con obxectos; tira cousas polo aire e logo teñen que recollelos.

EQUILIBRISTAS



É unha
persoa que fai exercicios
difíciles encima dunha
corda sin perder o
equilibrio.

MAGOS



É unha persoa que fai
moxia; converte unha cousa
noutra; fai aparecer e
desaparecer as cousas.



A NOSA CANCIÓN

DO ANTROIDO



SOMOS OS PAIASOS

O ENTROIDO XA CHEGOU
 E AQUI VIMOS NOS CANTAR
 OS PAIASOS PEQUENIÑOS QUE AS
 RISAS TRAERAN
 JA-JA-JA-JA-JA-JA-JA-JA

O ENTROIDO XA CHEGOU
 E AQUI VIMOS NOS PAPAR
 AS CAULAS E AS FILLOAS
 QUE FIXERON AS MAMAS
 NAM-NAM-NAM-NAM-MAS

O ENTROIDO XA CHEGOU XA
 PODEDES APLAUDIR A
 CANCIÓN XA REMATOU E XA
 NOS TEMOS QUE IR
 PLAS-PLAS-PLAS-PLAS



Educación Infantil



O ENTROIDO

Este ano, no entroido do colexio, disfrazámonos das distintas atraccións do CIRCO.

Nós, as nenas e nenos de primeiro de primaria, vestímonos de FORZUDOS E FORZUDAS.

Levabamos un traxe de raias brancas e vermellas, e na man as pesas. Como temos moita forza, podiamos con elas, pero pesaban moito.





No percorrido por Beluso, pasámolo moi ben, facía un bo día de sol, e iamos cantando para todo o público que estaba nas rúas.

No colexio, despois de cantar no salón de actos, puxémonos a comer os postres de entroido que nos prepararon nas nosas casas: orellas, chulas, flores, filloas.

iii FOI UN DÍA MOI DIVERTIDO E PASÁMOLO MOI BEN !!!



O 24 de marzo os nenos e nenas de 2º (acompañados de 1º e 3º curso) fixemos unha saída a Pontevedra, na cal realizamos dúas paradas:

"BOLBORETA"

A primeira parada foi no auditorio de Pontevedra, onde vimos un teatro de títeres que se titulaba "Bolboreta".

Esta obra narra as historias que lle acontecían a un rei egoísta e covarde, o cal, para non ser comido por un monstro peludo que o tiña atado cunha corda imposible de cortar, optou por conseguirlle un neno e así liberarse el do feroz monstro. O rei olvidara todos os seus principios e soamente pensaba en salvarse, actitude que contrasta coa da súa filla Bolboreta, unha nena moi valente que logra salvar ao seu pai resultando ser a verdadeira heroína deste conto.



(Ángel, Carlos, David, Jose e Isma sentados no auditorio)

***Ao rematar a obra fixemos unha pequena parada para merendar.



E...



... Abel, David e Lara non deixaron "nadiña"! ***

"SALA DE EXPOSICIÓNS DE CAIXAGALICIA"

Cando acabamos de merendar visitamos a sala de exposicións de Caixagalicia. Nesta segunda parada miramos unha exposición de fotografías titulada "Agua, la sangre de la Tierra", onde a auga era a protagonista de todas estas fotos e puidemos comprender a súa importancia.

Despois, e para demostrar que estivemos moi atentos a todo o que nos dixeron, confeccionamos o mural "Por un mar máis limpo".



(Sergio e Beni)



(María)



(Héctor)



(Carlos)



(Rebeca)



(e... o resultado final)

Como esta actividade nos gustou tanto, ao chegar a clase cada un de nós elaborou o seu propio mural, similar ao que fixeramos todos xuntos en Pontevedra:

PRIMEIRO: pintamos con t mpera azul un cart n rectangular que simula o fondo do mar.



(Lucía)



(Alba e Ángel)

SEGUNDO: no fondo mariño pegamos area de praia.



(Ángel e María)



TERCEIRO: coloreamos os seres vivos acuáticos e os pegamos no fondo do mar.



(Carlos, Beni e Sergio)



CUARTO: non nos debemos esquecer de deixar todo ben limpiño...



(...Jose e Sergio axudanos.)

É AQUÍ ESTÁ O RESULTADO...



... "POR UN MAR MÁIS LIMPO" !!!

ENXEÑO ANIMAL II

A GAMBA LIMPADORA quita os parásitos aos peixes. A gamba consegue unha saborosa comida e o peixe perde un parásito que non podería eliminar sen axuda.

A SANTIÑA é un feroz insecto depredador que atrapa a outros insectos para alimentarse. As súas patas dianteiras están especialmente adaptadas para agarrar a presa. Cando a santiña se achega cautelosamente a súa vítima, mantén estas patas dobradas baixo a cabeza. Nesta posición parece que estea rezando, velaí o seu nome.

AS FORMIGAS son insectos que viven formando colonias. Os seus grandes niños subterráneos albergan a milleiros de formigas e contan cunha serie de cámaras e túneles. Nunha das cámaras principais vive a raíña, capaz de poñer milleiros de ovos dos que non tardan en saír larvas de formigas. Ao principio, as larvas son alimentadas polas formigas adultas. Logo pasan ao estado chamado “pupa” e finalmente chegan a ser formigas adultas.

A XOANIÑA, coas súas cores vivas, avisa que non ten bo sabor. As aves e outros depredadores aprenden pronto a asociar a cor vermella con seres que non lles van gustar ou que son venenosos.

O CABALIÑO DE MAR, ademais da súa forma tan curiosa, é pouco común porque é o macho, e non a femia, o que cuida dos ovos e as crías. Ten no ventre unha bolsa capaz de gardar 200 ovos e crías. Cando os seus pequenos teñen idade suficiente, o macho bótaos da bolsa.

O PEIXE BOLBORETA leva este nome porque ten cores moi vivas, coma as ás das bolboretas. A maioría destes peixes atópanse nos arrecifes de coral das augas tropicais de todo o mundo. Crese que as cores e os debuxos serven para confundir aos depredadores. Pode que tamén lles axude a camuflarse no seu contorno para ocultarse.

A QUENLLA ten pouca vista, pero un excelente olfacto. Poden detectar o sangue moi diluído na auga e descubrir a un animal ferido no mar. Tamén poden detectar as vibracións da auga producidas, por exemplo, polos movementos de sacudida dun peixe ferido.

O TRITÓN LAMPIÑO E O DE MANCHAS VERMELLAS pasan gran parte da súa vida na terra, pero volven á auga para procrear, e adoita atopar a propia charca na que naceron. A maioría das veces utilizan o sentido do gusto e o do olfacto para axudarse.

O VOITRE aliméntase dos restos de animais mortos. As veces teñen que meter a cabeza dentro do corpo destes animais para tomar o seu alimento. Por este motivo teñen a cabeza calva, xa que se tivesen plumas nesa zona, non tardarían en quedar cubertas e prensadas de sangue.

A LONTRA MARIÑA, que vive nas augas do Pacífico norte fronte as costas de California (Estados Unidos), desenvolveu unha forma moi intelixente de abrir as cunchas das ameixas e mexillóns para conseguir a comida do seu interior. Deitase sobre as súas costas na superficie do mar e colócase unha pedra enriba do peito. Logo bate a ameixa ou o mexillón contra a pedra ata que a escacha.

O GATO VOADOR

Era unha vez un gato normal.

Un día, saíu da súa casa para dar un paseo. Como lle entrou fame, foi ata o río preto da fábrica. Achegouse ata a auga para capturar un peixe e caeu. Nadou e nadou ata saír da auga. Entón, notou coma unha picadura no rabo.

Decidiu volver á súa casa, pero no camiño notou unha dor nas costas.

Agora tiña ás! A súa vida xa non sería tan aburrida coma antes!

CHRISTIAN (3º A)



O LAGARTO QUE QUERÍA IR Á PRAIA

Había unha vez un lagarto, chamado Xoán, que quería ir á praia, pero non tiña nin bañador nin lentes de sol. Así que decidiu ir a unha tenda da vila máis próxima para comprar as cousas.

Xa levaba un bo tempo andando, cando de repente atopouse cun dragón que estaba destrozando todo o que atopaba.

Sen dubidalo, colleu a súa espada e loitaron os dous un bo anaco de tempo, ata que, por fin, o lagarto saíu vencedor e o dragón desapareceu para sempre.

Moi contento dirixiuse a unha tenda na que había un bañador que lle gustaba moito: era verde cuns círculos azuis. E comprouno.

Pero...outro problema: a tenda onde vendían os lentes de sol, estaba ao outro lado do río.

Entón, apareceu por alí a ra Vicenta que lle preguntou:

- Queres que te achegue á outra ribeira?

-Pois claro que si - respondeulle o lagarto.

Desa maneira conseguiu, por fin, os lente de sol.

Entón foise á praia e pasouno moi ben. UN DÍA COMPLETO!

TANIA (3º A)



OS GOLFIÑOS FAMOSOS DO ZOO

Había unha vez, no Océano Atlántico, unha femia golfiño moi fermosa chamada Elisa. Elisa un día despistouse do banco, e perdida, atopouse nun lugar cheo de redes; asustada intentou fuxir pero... chegaron unhas quenllas que andaban dando voltas arredor dela ensinando os dentes, relaméndose e iso asustouna moitísimo.

Logrou salvarse, e foi parar a unha especie de cova que atopou preto de alí. Ese foi o seu refuxio ata que coñeceu a un golfiño chamado Dic. Elisa e Dic fixéronse moi amigos. Dic conseguiu afastar as quenllas, pero cando ían saír da cova un humano tendeu-lles unha trampa, caeulles unha gaiola e quedaron atrapados nela!

Na gaiola foron parar ao acuario dun zoo. Elisa tiña moito medo, estaba moi triste e nerviosa, e non paraba de chorar; pero Dic tranquilizábaa.

Ao pasaren uns días Elisa xa non tiña medo da xente, e pasado un tempo chegou ao zoo outra golfiña chamada Tina que era moi boa e quería ser unha estrela do pop. Dic dicíalle que non podía ser, e entón Uxía, a coidadora do zoo, púxolles música e cando veu aos golfiños saltar ao son da música quedou abraiada.

Os golfiños tiveron a gran idea de facer un espectáculo no que a estrela sería Tina e os axudantes serían Elisa e Dic. Uxía conseguiu vender moitas entradas para que os nenos foxen ao espectáculo. Cando o concerto acabou o público non paraba de aplaudir e non tiña ganas de marchar. Os golfiños saltaron nun aro de lume, dunha escada de 20 metros, a unha piscina... a xente quedou marabillada, e moi contentos marcharon todos para a súa casa.

A noticia saíu en todos os periódicos e Elisa, Dic e Tina fixéronse moi famosos como estrelas do pop, e así seguiron moi contentos actuando todas as fins de semana, e... colorín colorado este conto está rematado.

ADIVIÑA, ADIVIÑANZA

O pasado mes de febreiro, na aula de 4ªA estivemos escribindo CARTAS DE AMOR dirixidas a persoas, obxectos ou animais que prezamos, que queremos ou que nos gustan moito. Aproveitamos o FIADDEIRO para mostrar algunhas desas cartas. ¿Es capaz de adiviñar a quen van dirixidas?

Beluso, 13 febreiro de 2.009

Querida:

Quérote moito porque xogas comigo a todas horas e cos xogos que eu quero. Tamén me fas rir moito.

Gústame cando me trabas, pero sen pasarte. E cando estou sentado vexo que es tan pequeniña que me dan gañas de abrazarte, de achucharte e fasme moita graza.

Tes un pelo moi suave e con esas manchas negras es moi guapa.

Feliz día de San Valentín, Gala.

Querido:

Dende que te coñecín, gústasme porque me divirto moito contigo metendo goles, sacando faltas...

O que máis me gusta e compartirte cos meus amigos. Ás veces gañamos e ás veces perdemos, pero non pasa nada, sempre o paso ben.

Espero seguir contigo moitos anos.

Querido:


Gústasme porque cando estou contigo atópome nun mundo sen fin. Divírtome, sen máis palabras.

Xogo coa cabeza para darlle lóxica ao que me contas.

Paso horas sen despegar os ollos de tí, sobre todo cando te pos interesante.

Quérote tanto que fas que de maior queira ser escritor.


P.D. : Ámote, adórote. Non me deixes nunca.



A ILLA



PARA ESQUECER A SUA PENA LOIS FOI PESCAR






O TESOURO

Era un día soleado, o mar estaba tranquilo. De súpeto, algo rompe esa tranquilidade. Son... piratas!... todos os piratas do mundo e máis. Os máis feros, valentes, arrepiantes e feos. Uns ... corenta e tres e viaxaban en catro barcos cheos de colares, rubís e diamantes do tamaño dun puño.

Pero en moi pouco tempo todo cambiou, unhas nubes negras cubriron o ceo e comezou a chover con moitísima forza. Un raio alcanzou ao barco que levaba máis cantidade de xoias e afundiuno.



Pasaron anos e anos e uns mergulladores atoparon nove dos diamantes daquel tesouro. Un dos mergulladores tiña nove acuarios repartidos por todo o mundo e trasladou os diamantes para decorar o estanque onde se atopaban os tiburóns. Nese momento entraron os nosos amigos Zeus e Apolo, dous tiburóns mozos que tódolos días ían xunto ao seu avó Mercurio.

Encantáballes oír as súas historias sobre o mar, pois el era o único tiburón do acuario que fora capturado no gran océano, o único que non nacera en cativeiro, criado polos seres humanos. Chamábanlle Pirata, porque un día de tormenta cando era moi pequerrecho, vira como un gran barco afundía con todo o seu cargamento e o relato dese naufraxio era a súa historia máis coñecida.

Unha tarde, Zeus foi correndo xunto ao seu avó moi nervioso e espetoulle:

- Avó, avó ! Axúdame ! Apolo está moi enfermo!
- Que lle pasou?
- Cortouse cun afiado coral ! Co coral amarelo! Vai morrer !
- Que desgracia ! É mortal! Ese tipo de coral pode matar a un cabalo!
- Acompañame, por favor !

Neto e avó foron a toda preza pola gran canalización que unía os dous estanques e ao chegar viron a Apolo, no chan e botando sangue por unha ferida enorme. O avó mirou o diamante dos piratas e a pesar do mal recordo que lle trouxo, colleuno e taponou a ferida con el. Grazas a un avó tan valente e enxeñoso, Apolo salvouse!

Verónica 4ºB

LAX O PEIXE COCIÑEIRO

No fermoso mar que baña as costas da Illa de Ons vivía un peixe chamado Lax. Era un peixe soñador que sempre tiña a súa cabeza na lúa.

El desde pequeno, cando aínda estaba na escola, desexaba converterse nun importante cociñeiro. Pasaba o tempo e Lax sempre aprobaba todo, conseguindo co tempo chegar a estudar a carreira de Gran Chef de Cociña.

Hoxe para el é un día especial porque é o día no que despois de moitos esforzos remata os seus estudos.

A súa nai contenta pola noticia preguntoulle:

- Que tes pensado facer?

- Pois serei cociñeiro e montarei un famoso restaurante francés en compañía da miña amiga a gran anémona.

- Pero, filliño, que cousas tes - falou a nai.



Pola tarde recolleu táboas, algas, pedras o outros obxectos cos que construír o seu restaurante. A súa faladora amiga Uxía, a estrelamar, prestoulle tamén moitísima axuda e ao final o local quedou precioso.

Naquel restaurante Lax facía unhas ensaladas riquísimas e Uxía uns batidos especiais.

Certo día pasou por alí un crítico nacional de cociña de gran nivel, Rubén, e ao probar os produtos do Mar de Ons, que así é como se chamaba o restaurante, quedou moi sorprendido.

Pouco tempo despois Lax era coñecido en todo o mundo e o restaurante estaba a tope de clientes.

Uxía, que traballaba coma unha negra, xa non podía máis e acabou enfadándose con Lax. El só tampouco era capaz de atendelo todo e definitivamente tivo que pechar o negocio.

Uxía, que non pensaba que a cousa fose para tanto, moi triste foi falar co seu amigo e díxolle:

- Perdóame, ti es un honrado peixe e non mereces o que eu fixen.

Si, eu perdóoche, pero coa condición de que volvas comigo ao noso restaurante e me axudes – dixo Lax.


A estrelamar emocionada e dando sen parar grandes saltos de alegría contestou:

- Vale, meu amigo, irei contigo.

A partir dese día os dous compañeiros traballaron en equipo e o Mar de Ons non é o mellor restaurante da Illa de Ons, senón do mundo.

Carmen 4º B

BELUSO NO MILLO CORVO.



De acordo coas actividades complementarias propostas polo Consello Escolar, o alumnado do Segundo Ciclo de E.P. do C.E.I.P. Montemogos de Beluso iniciamos unha serie de actividades destinadas a coñecer paso a paso e de forma práctica, o proceso de obtención e transformación do "millo corvo", un produto considerado básico na alimentación doutro tempo e que a Asociación Cultural de Meiro, a base de esforzo e dedicación, decidiu recuperar, evitando así que esta xoia da nosa agricultura se perdesse.

Para iso, o día 21 de outubro de 2008, alumnos e profesores do Segundo Ciclo realizamos a primeira visita cultural á aldea de Meiro para participar na esfolada do millo nos terreos utilizados pola Asociación e tamén no traslado das espigas ao hórreo.

Meses despois, o 16 de marzo de 2009, volvemos a Meiro para debullar as espigas, moer o gran, amasar a fariña, cocer o pan e... iso si, saborear unhas exquisitas bolas de pan de millo de porta aberta.

**GRAZAS A TODOS
OS MEMBROS DA
ASOCIACIÓN CULTURAL
DE MEIRO POLO CARIÑO
CON QUE NOS TRATARON,
A EXPERIENCIA FOI
INESQUECIBLE.**



O CICLO DO PAN

1- NO HÓRREO

Ao chegar a Meiro dirixímonos ao hórreo onde nos estaba a esperar o señor Manuel. El e Estrela ensináronnos as partes do hórreo e logo entramos. Había moitísimas espigas de cor negra! Sacamos algunhas para **debullalas**: consiste en separar o gran de millo do carozo. Despois o señor Manuel estivo a **cribar** separando o millo do lixo. Conseguimos encher tres bolsas para levar ao muíño, pero antes, os membros da Asociación Cultural de Meiro ensináronnos a facer **voadores** con carozos e plumas.



No hórreo no que estivemos puidemos ver con claridade os elementos que o forman:

PÉ: parte na que se apoia a estrutura,

TORNARRATOS: na zona do Morrazo son de granito e adoitan ter forma octaédrica,


CÁMARAS DE VENTILACIÓN: o hórreo que visitamos era de tipo Morrazo e tiña as cámaras de pedra con balaústres prismáticos e fendas verticais.

PORTA: era de madeira, situada na parte central da cámara e orientada cara á vivenda.

TELLADO: na provincia de Pontevedra todos os hórreos son de base rectangular con tellado de dúas augas. Hainos con cuberta de pedra, pero no Morrazo adoitan ser de tella.

No vértice das sobrepenas, os hórreos levan **unha cruz** nun extremo e no outro **un pináculo** que reforzan a seguridade da cuberta impedindo infiltracións de auga...

• PARTES DO HÓRREO



PARTES:

- 1- Pé
- 2- Mos
- 3- Umbral
- 4- Trabe
- 5- Porta
- 6- Contrera
- 7- Cámaras de ventilación
- 8- Soleira
- 9- Tellado
- 10- Pináculo

SABÍAS QUE?



- O oco que hai debaixo do hórreo, ás veces utilízase como abrigo para o can, para as galiñas, para gardar trebellos de labranza ou para poñer a roupa a secar.

- Algúns hórreos en lugar de levar pináculo, rematan cun reloxo de sol. No Concello de Bueu hai contabilizados máis de setenta hórreos deste tipo.

- Segundo a zona de Galicia os hórreos reciben diferentes nomes: cabazos, cabaceiros, cabaceiras, canastos, piornos, celeiros ou sequeiros...

- En Bueu chamámolos: hórreo, horno ou hórneo.

- O hórreo máis antigo de Bueu data de 1775 e atópase no Beloso, en Cela.


- Os canteiros que levaron a cabo estas obras procedían da zona de Pontevedra (Cotobade, Xeve, Ponte Caldelas...)



2- NO MUÍÑO

Despois de que todos os nenos botásemos ao lume os carozos que ían quentar o forno onde a Sra. Carne prepararía o pan, xuntos e acompañados por varios membros da Asociación, saímos cara á zona dos muíños do **Canudo**.


Polo camiño, puidemos gozar dunha moi fermosa paisaxe con: terreos de cultivo, bosques, fontes, lavadoiros e ata o peto de ánimas de San Antoniño.



Ao chegar dirixímonos ao **Muíño da Presa** situado nun lugar de forte pendente, motivo que permite aproveitar a forza da caída da auga para facer que se movan os muíños da zona. Neste caso, todos os muíños **funcionan mediante o sistema de cubo**.

O edificio, de construción rudimentaria, ten paredes de pedra de bastante grosor e o seu tellado é dunha soa pendente con cuberta de tella do país.

Cando chegamos á porta do muíño, atopamos unha pedra saínte chamada **pousadoiro**, e nela, Noel, Rubén, Serafin e José Manuel depositaron os sacos de tea branca cheos de gran que transportaran, con gran esforzo, dende o hórreo.



Mentres a maioría tomabamos o bocata, Vitoria acendeu unhas candeas para iluminar o muíño, pois como case a totalidade dos situados nesta zona non tiña electricidade e o seu interior estaba moi escuro. Despois fomos entrando en pequenos grupos e Estrela, explicábanos todo o proceso da moenda. Nós, con moita atención, observabamos como o gran depositado na **moega**, unha especie de caixón colgado do teito, ía caendo no **ollo da moa** deslizándose pouco a pouco pola **quenlla** grazas á vibración que lle proporcionaba ao **cacarexo**.

O muíño facía moito ruído e a fariña saía por tódalas partes entre a **moa** que xiraba e o **pé**. Algúns nenos tocaban aquela moa e palpaban coas mans a suave fariña gris.

Fóra uns nenos xogaban facendo carreiras de follas no **canle** que leva a auga dende a **presa** ao **cubo**; outros en lugar de follas botaban paus, polo que un dos membros da Asociación, con moita paciencia, advertiulles que iso non se debía facer porque se podía atrancar a **espera**, unha reixa de ferro situada á entrada do cubo, impedindo o paso da auga e facendo parar o muíño.



No regato situado na parte máis baixa do edificio, ao lado do **inferno** por onde saía a auga despois de impulsar e facer xirar o **rodicio**, algúns rapaces saltaban de pedra en pedra co risco de caer e mollarse.


Tamén algúns alumnos, acompañados por profesores, fomos ver varios muíños do lugar que non estaban en funcionamento e as cousas que máis nos chamaron a atención foi a gran capacidade e profundidade do cubo así como a forma e o tamaño do rodicio.



Cando estabamos en pleno proceso de moenda recibimos a visita da Televisión Galega que viña a gravar unha reportaxe relacionada coas actividades da undécima edición do Encontro do Millo Corvo de Meiro e que logo ía emitirse no Telexornal do mediodía. Algunha nena maquillouse para saír máis guapa na tele, outros saltaban e berraban diante das cámaras para chamar a atención, a varios nenos fixéronlle preguntas relacionadas coas actividades que estaban a realizar no muíño, pero... os protagonistas da reportaxe foron Vitoria dando todo tipo de explicacións sobre as nosas actividades en Meiro e as programadas nos Encontros do 2009 e tamén o señor Manuel facendo, ante as cámaras, unha demostración de como se peneiraba a fariña.

Finalizada a festa, collemos a fariña moída e peneirada e coa carga nas costas... de novo á aldea, iso si, con moita alegría e coa certeza de que iamos aprender moitas cousas novas no forno onde a señora Carme nos estaba agardando.

ESQUEMA DO MUÍÑO.



DISTRIBUCIÓN:


A – Zona da moenda. B – Inferno

PARTES DO MUÍÑO:

1 - moega, 2 – quenlla, 3 – cacarexo, 4 – abella, 5 - ollo da moa 6 - moa, 7 – pé
8 – cruz, 9 – pousadoiro, 10 – canle, 11 – espera, 12 – cubo, 13 – canela, 14 – rodiño,
15 - grilo e ra, 16 – vara, 17 - arrieiro, 18 – erguedoiro.

SABÍAS QUE ?

- A historia do muíño é case tan antiga como a historia do home, pois xa era utilizado polas civilizacións exipcia e babilónica.
- O muíño foi usado como **lugar de encontro**. Mentres se moía a xente aproveitaba este tempo para intercambiar noticias, gastar bromas, contar contos.... polo que no muíño xurdiron historias, cancións, lendas ...
- A **muiñeira** é un baile no que se danza en sentido circular imitando o movemento xiratorio das moas ao moer.
- A propiedade dos muíños podía ser **privada** (dunha persoa) ou **colectiva** (dun grupo de veciños ou dos habitantes dunha aldea).
- A xente que non tiña muíño pagaba mediante a **maquía**, que consiste en que o muiñeiro se quedaba cunha parte do millo.
- Se baixamos o apeadoiro a moa subirá e o gran de fariña será máis groso ao aumentar o espazo de trituración, se a baixamos o gran de fariña será máis fino.
- Os muíños poden funcionar, a man, con animais, con electricidade, con auga, con vento, coas mareas ...
- Esta é unha das cantigas relacionadas co muíño máis coñecidas:



“Unha noite no muíño
unha noite non é nada
unha semana enteira
esa si é muiñada”.

3 - NO FORNO

Á volta da moenda, a Sra. Carme xa estaba cocendo o pan. Mentres remataba foinos explicando como se facía:

- 1º - Bótase fariña de millo corvo.
- 2º - Faise un buraco no medio da fariña e engádese auga fervendo.
- 3º - Vaise amasando coa empilladoira mentres a masa non arrefría, logo continúaase coa man.
- 4º- Bótaselle sal e fermento natural (feito dunha amasada anterior)
- 5º - Deixase levedar.
- 6º- Fanse as bolas de pan e métense no forno, apoiadas en follas de castiñeiro ou de col.





Ademais disto tamén nos ensinaron os utensilios que empregaban:

PA: Para meter e sacar o pan no forno.

EMPILLADOIRA: para amasar.

VASOIRA: feita de codesos par limpar o forno.

CHOQUEIRO: instrumento de madeira co que se arrastran as brasas do interior do forno.

ARTESA: arca de madeira, que fai tamén de mesa e serve para amasar o pan e para gardalo.

E ... por fin tivemos a nosa recompensa despois de “tanto traballar”:

A BOLA CORVA DE PORTA ABERTA.

Antes de probala déronnos un consello: non debiamos beber auga despois de comer o pan quente porque nos podía facer dano na barriga.



Aquilo sabía a gloria! ...

... mellor que unha lambetada! ...

... era un manxar! Non deixamos nin migalla.

FOI UNHA EXPERIENCIA MOI AGRADABLE E DIVERTIDA.

SABÍAS QUE?


- **A bola de porta aberta**, chámase así porque unha vez que o forno está quente, retíranse as brasas co choqueiro, reservándoas colócanse brasas candentes.
- **Papas de óleo:** o óleo é a fariña máis fina, recomendada para a alimentación dos meniños. Con ela poden facerse unhas papas elaboradas ben con auga, ben con leite.



- No tempo dos nosos avós/oas, bisavós/oas cocían o pan aproximadamente **unha vez á semana**, dependendo do número de persoas que houbera na familia. Era un labor que realizaban as mulleres.



ESQUEMA DO FORNO.



PARTES DO FORNO

1. Pa
2. Lumieira
3. Estro
4. Enfornadeira
5. Lareira

BIBLIOGRAFÍA:

Bueu: os seus canteiros e os seus reloxos de sol. Josef Van Linthoudt. 1997

A aventura do millo corvo na aldea de meiro. Asociación Cultural de Meiro. 2003

O candil nº 26. CEIP de Bueu. 2001

Os muíños de auga en Moaña. Luís Chapela Bermúdez 2003

Actividades “O MUIÑO”. Muíño de Fausto - Coiro

4º A e 4º B

O MELLOR XOGADOR



A PEGUIÑA

Había unha vez unha peguiña, que sempre cantaba alegre, porque tiña cinco filliños.

Un día pasou por alí a raposa García e díxolle:

-Peguiña, como é que cantas tanto?

-Porque teño cinco filliños.

-Bótame un abaixo.

-Non cho boto que mo comes.

-Non que o vou quentar alí ao sol.

-Non, que mo vas comer.

-Como non me botes un: “retorce rabo, córtocxe este carballo”.

-Ai! Non! Non!

E botoulle un abaixo, e comeullo.

De alí a un pouco volveu García e díxolle:

-Peguiña bótame outro.

-Non García non, que xa me colleches un.

-Non que o teño a quentar alí ao sol.

-Non que mo comes.

-Como non me botes un: “retorce rabo, córtocxe este carballo”.

E ala! outro filliño abaixo.

Despois, apareceu unha pomba e preguntoulle:

-Peguiña, que tes que antes cantabas e agora choras?

-É que apareceu García e díxome que se non lle botaba un filliño: “retorce rabo, córtocxe este carballo”.

-Pois cando veña, dille: “para cortar este carballo necesitas serrón e machado”.

Media hora despois volveu García e díxolle:

-Peguiña, bótame outro.

-Non che boto lambón que xa me comeches dous.

-Non, que os teño alí a quentar ao sol.

-Non que mos comeches, lambón.

-Como non me botes un: “retorce rabo, córtocxe este carballo”.


-Para cortar este carballo necesitas serrón e machado.

-Quen cho dixo? Díxocho a pomba?

Daquela, cando a pomba o escoitou, saíu voando pero... García atrapouna coa boca.

-García, cando vasme comer hoxe ou mañá?

Entón García abriu a boca para dicirlle hoxe pero a pomba fuxiu.




Conto: Alexandra Iglesias García

Contado por a miña avoa: María Martínez Martínez

Debuxo: José Benito Alvite Piñeiro


O sistema braille

Os nenos de 5º A presentámonos ao concurso da ONCE facendo uns debuxos cuns lemas do que supón para as persoas cegas o método de lectura BRAILLE.



Este método vai facilitar o acceso á integración dende o punto de vista cultural, educativo, social, laboral...


O sistema BRAILLE foi creado por LOUIS BRAILLE que hai uns 150 anos inventou un sistema para que estas persoas puidesen leer e escribir.



Coa aparición do sistema BRAILLE, as posibilidades de que as persoas cegas puidesen recibir información aumentaron considerablemente.




Dende entón, moitas destas persoas puideron aprender oficios e profesións, e ganar dignamente a vida.




E, ademais, gozaron da lectura e viviron a cultura, informáronse, comunicáronse por escrito....En definitiva puideron levar unha vida mellor.

O sistema BRAILLE consiste nunha combinación de seis puntos colocados en dúas columnas paralelas de tres puntos cada unha.





Combinando estes seis puntos e facendo que sobresaian ou non, conséguese formar letras ou números.



As persoas cegas mediante o sentido do tacto ao tocar eses puntos que sobresaen poden saber que letras están escritas.

Iles permite ser libres, independentes, autónomos....



SABÍAS QUE.....?

Todos sabemos o día que nacemos, o día do noso santo, cando é noiteboa, fin de ano, etc...

Pero sabemos cando naceu ou morreu algún personaxe, e o máis importante que fixo?

Cando se inaugurou algo e que importancia tivo para a humanidade?

Os nen@s de 5º B, a partir dunha data, imos explicaros acontecementos que marcaron a vida das persoas e todo o que conleva.

✓ Sabías que pasou o 19 de Marzo de 1812?

Ese día os deputados das Cortes de Cádiz xuran a primeira constitución española a que se chamou a Pepa, por ser aprobada o día de San Xosé.



Aprobación da Constitución en Cádiz.

A Constitución de 1812 é un dos textos xurídicos máis importantes do Estado Español. Composta de dez títulos con 384 artigos, é considerada como o primeiro código político a tono co movemento constitucionalista europeo contemporáneo, que establecía por primeira vez a soberanía nacional e a división de poderes, como dous dos seus principios fundamentais.

Principios destacados

A Constitución de 1812 recolle moitos dos principios fundamentais que seguen vixentes nos nosos días. Algúns deles témolos tan asimilados que nos parece que foi feita agora.

- Soberanía Nacional. A Constitución de 1812 defende que a soberanía reside esencialmente na Nación.
- Separación de Poderes. A Constitución de 1812 intenta diferenciar claramente quen fai as leis.
- Dereito de representación. A nación está representada polas Cortes.
- Liberdade de expresión. Liberdade de Prensa e imprenta. Tódolos españois teñen liberdade de escribir, imprimir e publicar as súas ideas políticas.
- Dereito á integridade física. Non se abusará nunca dos tormentos nin dos apremios .
- Liberdade persoal. Non se pode privar a ningún individuo da súa liberdade.
- Inviolabilidade do domicilio. Non poderá ser invadida a casa de ningún español, senón nos casos que determinen as leis para o bo orde e seguridade de Estado.

- Garantía procesal e penal. Ningún español poderá ser xulgado en causas civís nin criminaís sen todas as garantías procesais.

Oficialmente estivo esta Constitución vixente dous anos, desde a súa promulgación ata a volta de Fernando VII o 24 de marzo de 1814. Posteriormente estivo vixente durante o Trienio Liberal (1820-1823), así como durante un breve período de 1836-1837, baixo o goberno progresista que preparaba a Constitución de 1837.

- ✓ Sabías que pasou o 7 de xaneiro de 1914?

Ese día o Océano Atlántico e o Océano Pacífico quedaban máis cerca pois se inauguraba o Canal de Panamá.



Canal de Panamá.

O Canal de Panamá está situado no punto máis angosto do istmo de Panamá unindo o mar Caribe co océano Pacífico

Tivo un efecto de amplas proporcións ao acurtar a distancia e tempos de comunicación marítima, producindo adiantos económicos e comerciais.

Proporciona unha vía de tránsito corta e relativamente barata e influíu nos patróns do comercio mundial o abaratar custos e aforrar tempo.

A utilidade económica e militar é enorme. Sen esta importante ruta, as flotas do Atlántico e Pacífico estarían a actuar separadamente mentres que utilizando esta ruta, poden ser utilizadas en pouco tempo nunha costa ou na outra

Ao longo do canal existen potentes instalacións que producen a enerxía eléctrica necesaria para o funcionamento dos motores e mecanismos.

O primeiro barco en cruzalo foi o Ancón de 10.000 toneladas; desde entón, máis de 900.000 lévano cruzado.

O Canal de Panamá ten unha lonxitude de 68 km., aos que se deben agregar 11 km. Limitados por boías, na zona do Atlántico, e outros 3 km. na zona do Pacífico. A súa profundidade media oscila entre 12 e 14 m.. A súa anchura varía entre 90 e 350 m.

A nave é transportada, dentro do dique que forman as esclusas, por medio dunhas locomotoras; logo por medio duns potentes motores cérranse as comportas e vértense millóns de metros cúbicos de auga que elevan a nave o nivel necesario para pasar o seguinte paso.

O tempo medio de cruce é dunhas 10 horas, e con todas a esperas , dunhas 27 horas.

✓ Sabías que pasou o 19 de febreiro de 1543?

Unha cédula real do emperador Carlos V crea nesa data o Arquivo Xeral de Simancas, que é o primeiro arquivo do mundo.





Arquivo Xeral de Simancas.

O arquivo Xeral de Simancas está ubicado na localidade de Simancas , na provincia de Valladolid. Trátase do primeiro arquivo oficial da coroa de Castela. A súa sede é o castelo de dita localidade, dende a súa fundación converteuse nun dos eixes centrais de España por estar alí conservados os principais documentos do reino de España.

Na actualidade o Arquivo de Simancas é unha institución cultural dependente de Educación. Nel desenvólvense non so as tarefas de conservación e catalogación dos documentos que alberga senón que funciona como museo.

✓ Sabías que pasou o 12 de febreiro de 1809?

Tal día nacía en Inglaterra Charles Darwin.



Charles Darwin

Charles Darwin naceu en Sherewsbury, Inglaterra, en 1809 e morreu en 1882 en Kent, Inglaterra. Estivo casado con Enma Darwin, que era a súa prima e tiveron dez fillos.

A súa filla Annie sufría unha grave enfermidade que rematou coa súa vida, e Darwin pensaba que esa enfermidade era hereditaria.

Charles Robert Darwin foi un biólogo coñecido por fundamentar a actual teoría da evolución das especies dos seres vivos, evolución que se realiza a través do tempo.


Súa obra fundamental, "A orixe das especies", publicada en 1859, estableceu a diversidade que se observa na natureza.

Darwin, na súa vida, fixo varias viaxes a bordo do bergantín Beagle por toda Sudamérica que lle permitiron estudar terras e especies non coñecidas en Europa e así poder desenvolver as súas teorías.

Darwin sempre dixo que os humanos procedemos dos primates.

✓ Sabias que pasou o 21 de decembro de 1879?

Tal día como ese Thomas Alva Edison patenta a primeira lámpada de filamento incandescente.



Thomas Alva Edison

Thomas Alva Edison naceu en Ohio o 11 de febreiro de 1847 e morreu en New Jersey o 18 de outubro de 1931, foi un dos máis importantes inventores do mundo.



Autodidacta no ano 1863 comezou a traballar como operador telegráfico na Western Union Telegraph Company. En 1868 rexistrou a súa primeira patente, un aparello para rexistrar as votacións. Despois deseñou un teletipo e perfeccionou o sistema de telégrafo automático. Colaborou con Sholes na construción da primeira máquina de escribir, e conseguiu que o teléfono de G. Bell adquirise unha aplicación práctica xeneralizada ó incorporar o micrófono de carbón. En 1876 instalou uns laboratorios de investigación onde saíron a

maior parte dos seus numerosos inventos, rexistrou máis de 1.000 patentes ao longo da súa vida, entre os que cabe subliñar o fonógrafo, a lámpada de incandescencia, o telégrafo de indución, o cinetoscopio, tipos de dínamos, motores, acumulador alcalino etc.

Sen dúbida Thomas Alba Edison foi un dos grandes heroes da humanidade.

✓ **Sabías que pasou o 31 de marzo de 1727 ?**

Tal día como ese a ciencia perdeu o que está considerado como seu pai , pois morría Isaac Newton.



Isaac Newton.

Isaac Newton naceu en 1642 e morreu en 1727. Físico, matemático e astrónomo inglés. Fillo póstumo dun pequeno terratenente foi alumno da escola de Grantham e máis tarde do Trinity College de Cambridge, onde se graduou en 1665.

Durante os dous anos seguintes, mentres a Universidade de Cambridge estaba pechada pola peste, comezou a reflexionar sobre o método matemático das fluxións, as teorías sobre a natureza da luz e das cores e a gravitación universal.

Considerado o pai da física, da astronomía moderna, da óptica e un dos pais da matemática moderna, quixo demostrar que todo o universo funciona segundo unha lei natural, a de gravitación, que non require ningunha aplicación continua de forza. Definiu os conceptos masa, ou cantidade de materia, cantidade de movemento, forza e o tempo e o espacio absoluto, e expuxo tres leis do movemento.

A súa aplicación do Universo representa a culminación do proceso revolucionario iniciado por Copérnico contra a astronomía clásica e medieval. A partir de Galileo e Kepler, deu unha explicación coherente e verosímil da mecánica celeste, que ata as ideas de Einstein, foi considerada unha construción científica acabada e perfecta, indiscutible, perfecta e definitiva.

Elaborou a teoría dos cores e tamén da natureza da luz. Como matemático, ideou o cálculo infinitesimal, estudou dentro da xeometría, as curvas cúbicas e, dentro da álgebra, a teoría xeral das ecuacións. Tamén expuxo o teorema do binomio que leva o seu nome e inventou o telescopio de reflexión.

Vendo todo isto, compréndese que sexa considerado un dos pais da ciencia.

✓ **Sabías que pasou o 7 de novembro de 1867?**

Tal día como ese nacía Marie Curie, unha das máis grandes mulleres da historia.



Marie Curie

María Slodowska naceu en Varsovia o 7 de novembro de 1867 e finou en Sallanches o 4 de xullo de 1934. É coñecida no mundo como Marie Curie.

Marie Curie trasladouse a París en 1891 para ampliar os seus estudos de física e matemáticas na Sorbonne, onde se licenciou en 1893 e doutorou en 1903. En 1895 contraeu matrimonio con Pierre Curie, de aí ven o seu nome, con quen compartiu as súas investigacións, foi profesora da École Normale Supérieure feminina de Sevres, asistente no laboratorio dirixido polo seu marido e tras a súa morte ocupou a súa cátedra na Sorbonne, co que se converteu na primeira muller en ocupar unha cátedra en Francia.

Baseándose nos traballos de Becquerel sobre a emisión de radiacións do uranio, descubriu a radioactividade do torio, e pouco tempo máis tarde, xunto co seu marido, conseguiron illar o radio puro en estado metálico e o polonio. En 1914 fundou o Institut du Radium de París, centro onde investigou as aplicacións médicas da radioactividade.

En 1903 recibiu, xunto co seu marido e Becquerel, o Premio Nobel de Física, polo descubrimento da radioactividade, feito que a converteu na primeira muller galardoada con un Premio Nobel. En 1911 recibiu o Premio Nobel de Química polo illamento do radio puro, sendo así a primeira persoa que recibía dous nobeles na vida.

Con isto damos por rematadas esta serie de noticias baseadas nunha data e que esperamos continuar en vindeiros Fiadeiros.

Sáudos para todos de: Rubén, Lucía, Roberto, Sergio, Laura, Ángela, Katia, Patricia, Iria, Mercedes e Cristian.

GALICIA, TERRA DE LENDAS...O MORRAZO

Dende séculos Galicia considerouse lugar de lendas, trasnos e meigas. Existen moitas lendas en toda Galicia facendo referencia a este tipo de seres, fantásticos para uns e reais para outros. Neste caso ímonos centrar na nosa comarca: O Morrazo.

Algunhas destas historias contan como as meigas amolan aos mozos que acompañan ás rapazas polas noites, como cambian as cousas de sitio ou fan que se perdan. Así, por exemplo, nas Illas de Ons cóntanse que enmeigan as barcas para que alonxen a pesca, e só un bruxo pode desfeitalas. Hai outra historia que di que na praia de Areas Gordas, en Cangas, xuntábanse ao redor dunha fonte co sino da igrexa de Coiro na noite de San Xoán. Unido á crenza nas bruxas, ía o seu suposto poder de voar, que, en xeral, para que as puidesen relacionar coa terra, voaban en vasoira. Moitos libros tratan sobre a faceta voadora das meigas, e moitas son tamén as hipóteses que se formularon para saber o ritual que seguían estas mulleres antes de emprender o voo. En xeral crese que untaban o corpo con unguentos, que ben elaboraban elas mesmas ou lles eran proporcionados polo mesmo demo. Despois pronunciarían unha frase ritual que algúns libros din que era: "*Por riba de silveiras, por baixo de carqueixas*", e de seguido abandonaban o seu fogar por calquera burato ou ventá.

Falarémosvos dalgunhas delas.

MARÍA SOLIÑO

Aínda que se sabe que naceu no 1551, descoñécese a data de súa morte (non hai partida de defunción). Casou con Pedro Barba, de profesión pescador. Tivo fillos, pero descoñécese cantos. Posuía diversas riquezas.

Cangas era por aquel entón unha importante vila de pescadores, en pleno auxe económico, con importantes ganancias provintes da pesca e a salazón de peixe. No 1617 un ataque dos turcos a Cangas arrasou a vila e sumiuna nunha importante época de depresión económica na que os nobres temen perder as riquezas por culpa da imposibilidade dos seus vasallos de pagarlle as rendas que esixían. Na invasión morren trinta e tres persoas, son capturadas cerca de oitenta e deixan queimadas case ducentas casas e os aparellos de pesca e as barcas son destruídos. Como mostra da pobreza provocada pola invasión, un nobre do lugar envioulle unha carta ao rei para que liberara ao pobo cangués de pagar os impostos durante un tempo e así permitir a rápida recuperación da zona.

Como mecanismo de defensa, os donos das terras forxan un plan, de acordo coa Inquisición para non perder o poderío económico que tiñan desde había décadas. Ese plan era utilizar a Inquisición para denunciar ás bruxas, xeralmente mulleres con posesións importantes, anque tamén se xulgaban pobres para non levantar sospeitas. A Inquisición e o nobre denunciante repartían as ganancias obtidas.

María Soliño estaba casada cun dos homes máis importantes da vila, pasou a posuír os seus bens cando Pedro Barba morreu no ataque turco. Tiña unha casa de dúas plantas de pedra, varias fincas en posesión, unha dorna -pequeno barco de pesca- e, o máis importante, dereitos de presentación na Colexiata de Cangas e na Igrexa de San Cibrán, Aldán.

Era un poder polo cal, a persoa que posuía ditos dereitos, tiña unha porcentaxe das ganancias da igrexa e o poder de decidir quen sería o titular da construción.

A parte de ter unha gran fortuna, polo visto se volve tola tras a morte do seu marido e os seus fillos na invasión de 1617. Ía cada noite á praia, escoitaba as ondas e paseaba pola area, recordando aos familiares mortos; esta foi causa de sobra para sospeitar dela e iniciar o proceso.

Sendo como era unha das mulleres máis ricas da vila, deseguida chamou á atención dos nobres. Nove mulleres en total, entre elas Soliña, foron xulgadas e condenadas por diferentes acusacións relacionadas coa bruxería. Cos datos necesarios encontrados, e os que non, inventados, foi levada aos cárceres secretos do Santo Oficio.

María Soliño foi capturada e torturada ata que confesou ser bruxa desde había dúas décadas. Requisaron os seus bens e dereitos de presentación (que era o principal obxectivo do Santo Oficio) e foi condenada a levar o hábito de penitente por seis meses, pero non se sabe se morreu antes ou despois do castigo, pois non hai acta de defunción. Por outra parte é presumible a súa morte pouco tempo despois da tortura xa que, con setenta anos, os danos físicos e psíquicos producidos nela non podían deixar de notarse.

Por culpa das súas posesións e a avaricia dos nobres María Soliña morreu pobre e soa. Pero sempre se mantivo na memoria colectiva, aínda que a súa imaxe se deformara como bruxa e tola.

Tamén existiron outras moitas mulleres no seu mesmo caso, coma Elvira Martínez, entre outras.

Esta é unha copla popular que lembra o ocorrido:

Adeus, meigas de Cangas,
netas de María Soliño,
que me levastes arrastras
polo largo de camiño.

O ZAPATEIRO DE CANGAS.

Di a lenda que a noite de San Xoán todos os bruxos e bruxas do Morrazo debíanse achegar á praia de Areas Gordas de Tirán, onde tiñan unha xuntanza coa xerarquía capital dos dedicados á ciencia dos Aquelarre (noites de bruxas): o Demo.

Ás doce da noite púñanse en caníño, cada quen utilizando os medios característicos da caste bruxeril: a vasoira.

Había por aqueles tempos unha bruxa en Cangas moi sonada, que tiña un amigo zapateiro, tamén en Cangas, nas vésperas da noite das fogueiras enomezou a porfiarlle á nosa bruxa que, por forza, tiña que ir tamén el, para ser testemuña da cerimonia que alí tería de ser realizada.

Ela deulle para atrás na teima de acompañala, mais o zapateiro no afrouxaba nas súas intencións. E como a teima pode máis que as razóns, ao fin a bruxa non tivo máis

remedio que levalo, non sen antes adoutrinalo sobre a conduta que había de mostrar diante de tales representantes da bruxería galaica, concretamente da do Morrazo.

Chegaron ao lugar prefixado pasada a media noite. Alí se encontraban a maioría dos que ían compoñer a xuntanza: meigas e bruxas.

Puxéronse en ringleira, segundo a xerarquía, dispostas a recibir o príncipe das trebas: Belcebú.

Este non se fixo esperar. Apareceuse en forma de carneiro negro, ficando baixo a copa ao pé dun carballo vello. Os da cabeza da ringleira foron os primeiros en saudalo. A fórmula litúrxica consistía en levantarlle o rabo ao carneiro, ao tempo que dicían, bicándolle no cu:

-Creador do noso benfeitor.

Cando lle chegou o turno á bruxa de Cangas (o zapateiro non saía da beira dela, apegándoselle a saia), bicou o carneiro do modo sinalado. Ao zapateiro tamén lle levantou o rabo pero, namentres o facía, sacou a subela que levaba escondida, e cravoulla no sitio que xa sabedes. Virouse entón o carneiro, e dixo:

-Quen foi o que bicou agora?

A nosa bruxa sospeitou que o zapateiro tiña feita algunha falcatuada das del, e toda nerviosa resposta:

-Foi o zapateiro de Cangas.

-Pois dille que se afeite, que ten ás barbas moi longas e puntiagudas -dixo o carneiro.

POZO DE MOURA

Din que en Domaio vivía un mouro (ser máxico galego) coa súa filla. Ela amaba a un campesiño, con quen vivíaa no Pozo de Moura. O pai sorprendeuno, matou ao mozo e ela, desolada, tirouse a auga. Dende entón din que, en San Xoán, a rapaza aparécese no pozo e escóitase cantar.

SEREA MOURA

Outra lenda conta que vivía unha serea moura que engaiolaba os homes co seu canto. un día un home rouboulle o seu pendente de ouro, e dende aquela asasinou a todos os homes que puido; ata que un día desapareceu sen deixar pegada.

LENDA DE MEIRA

En Meira circula unha lenda que conta que na torre das ruínas dunha fortaleza, que se atopa ó final do barrio de Couso, hai tesouros escondidos polos mouros, e que alí tivo lugar unha gran batalla, quizais en recordo do derrubamento desta fortaleza polos Irmandiños.

Tamén se conta que ó lado da torre hai unha cova na que hai dúas olas: unha contén ouro e traerá riquezas, mentres que a outra está chea dunha pezoña que causaría a morte á persoa que a abraze.

Outra lenda di que está enfeitizada por un encanto que di así: " *Entrarás e non voltarás*". Ó redor desta torre existen outras historias similares ás anteriores.

MONTE PARALAIA

Neste lugar encóntrase unha cova que din foi utilizada polos fuxidos da guerra civil española. Esta lenda conta que o tamaño actual da cova é resultados dos correntamentos da terra, e que anteriormente existían no seu interior galerías que se comunicaban con outras covas de Meira ou Darbo. Tamén dise que alí existe un tesouro deixado probablemente polo caudillo árabe Almanzor, e que todo aquel que queira recuperalo ten que ir na Noiteboa e seguir o ritual.

Miles de lendas xiran ó redor do Morrazo e en xeral de toda Galicia. Non sabemos que parte poden ter de realidade e que parte foron invencións de mentes de aquela época, pero o que si sabemos é que hoxe en día, aínda que digamos que non cremos en meigas, trasnos, espíritos ou mortos, seguimos a crer na mala sorte que traen os gatos, ou a non pasar por baixo dunha escaleira, e moitas supersticións máis. Estas lendas forman parte do pasado, pero aínda as veces nos cuestionamos se serían ou non verdade.

Ao lado destas lendas que situamos no Morrazo existen moitas outras como por exemplo a de "San Telmo" de Tui ou a da "Concha do Peregrino" de Bouzas.

SAN TELMO, PATRÓN DE TUI.

A Pedro González ou Pedro Telmo, atribúese a construción de numerosísimas pontes, delas as máis importantes se atopan en Ribadavia, Ourense, e en A Ramallosa, sobre o río Miñor, entre Baiona e Nigrán. Protector dos mariñeiros, dise que lle apareceu a Colón nunha das súas viaxes, en forma de lingua de fogo, e, que desde entón se coñece como " o fogo de San Telmo", fenómeno que tamén describe Meville en "Moby Dick".

A CONCHA DO PEREGRINO


Esta lenda remóntase ao momento en que o Apóstolo Santiago é trasladado a Galicia polos seus discípulos. Chegou a Bouzas no momento da celebración da voda de dous mozos.


Entre os cantos e as actividades que tiñan lugar, os señores a cabalo practicaban un xogo que consistía en arroxar as súas lanzas ao aire e galopar para recollelas antes de que tocasse o chan.

O noivo, que practicaba tamén este xogo, tivo a mala sorte de que unha vez tirada a lanza, o seu cabalo galopando entrou no mar . Os presentes viron con asombro como do cabaleiro e do seu cabalo, so quedaba unha estela de espuma brillante que se dirixía cara unha nave que se aproximaba á beira, aquela nave na que chegaba o corpo do Apóstolo Santiago. Ao final saíron o noivo e o cabalo á superficie, e todos puideron contemplar como cabaleiro e montura estaban en perfecto estado e recubertos de cunchas de vieira. Na honra ao milagre producido, desde entón todo peregrino camiño de Compostela, leva no seu sombreiro e na esclavina do seu saial, unha cuncha de vieira.

ALUMNADO DE SEXTO CURSO

CERTO DÍA NA RÚA...





CANTAR E BAILAR

A gran cantidade de xogos e divertimentos que tiñan os nosos pais, os nosos avós e demais antepasados conforman unha parte moi importante da nosa cultura oral.

En Galicia, ata mediados do século XX, a xente reuníase ao rematar as curtas tardes de inverno en casas, palleiras, cortellos, ou alpendres feitos adrede, ca finalidade de pasalo o mellor posible, e en compañía, as horas sen sol nas que xa non se podían facer traballos no campo. Nestas reunións cantábase e bailábase, contábanse historias, comíase, bebíase e tamén se xogaba.

Eran xogos abertos a todos os presentes, nos que se participaba cantando e bailando. Polo xeral eran xogos de escoller parella rapidamente, cos que se buscaba esa complicidade coa persoa desexada ou simplemente pasar un anaco divertido na compañía dos outros.

Os xogos non resultaban moi complexos e podíamos bailar tanto grandes como pequenos, sendo moitos destes xogos os mesmos que empreñaban os máis cativos polo día.

Na aula de música estamos a traballar estes xogos totalmente en desuso. Deste modo os nenos ao tempo que pasan un anaco de lecer, acadan tamén dun xeito natural nocións sobre ritmos e entoación, mellorando polo tanto a súa percepción musical.

Hai que subliñar o bo que resultan este tipo de xogos para integrarse na colectividade.

Un dos xogos traballados é o xogo do *Mazarico*, de influencia portuguesa, bailábase nos concellos do Baixo Miño.

O baile consta de dúas partes: na primeira situámonos en roda por parellas e camiñamos en sentido contrario das agullas do reloxo mentres batemos palmas. Uns camiñan de fronte e outros de costas.

A segunda parte é formar unha *cadea inglesa*, que consiste en dar alternativamente as mans e ir avanzando cara adiante (@s que van de fronte en sentido contrario a aquel@s que van de costas) pasando unha vez por dentro e outra por fóra da roda.

*Millo verde, millo verde
millo verde miudiño
á sombra do millo verde
namorei un rapaciño.*

*Mazarico, lindo mazarico
quen che deu a ti
ese tremendo pico.
Ai, ai, meu mazaricán
sol da miña vida
dáme a túa man
ai, ai, meu mazaricón
sol da miña vida
do meu corazón.*

Mi - llo ver-de mi-llo ver - de mi - llo ver-de mi-u - di - ño a
som-bra do mi-llo ver - de na - mo - rei un ra-pa - ci - ño á som-bra do mi-llo
ver - de na - mo - rei un ra-pa - ci - ño ma-za - ri-co lin-do ma-za
ri - co quen che deu a ti e - se tre - men-do pi - co ma - za pi - co ai
ai meu ma - za - ri - cán sol da mi - ña vi - da da-m'a tú - a man ai
ai meu ma-za - ri - cón sol da mi - ña vi-da do meu co-ra - zón



BUTTERFLIES



These are butterflies.

They live in the jungle or in woods.

They have two antennas, two eyes, four wings and a long small body.

They fly from flower to flower eating nectar.

A butterfly lays lots of eggs under the leaves of plants.

Then, many caterpillars come out from the eggs; they eat a lot of leaves from trees and they grow and grow...

After that, they turn into beautiful butterflies.



Butterflies are wonderful. We love them!



5ª

LETRAS GALEGAS 2009



FIÁDEIRO

